

REGULAMENTO DE CONSTITUCIÓN E FUNCIONAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE SAÚDE DE PONTEDEUME

1-PREÁMBULO

Constitúese o Consello Municipal da Saúde de Pontedeume, en adiante CMSP, como órgano de participación cidadá nas tarefas relativas á saúde .

Os Estatutos e a Normativa Electoral que rexen o funcionamento do CMSP son o resultado dun amplo consenso social con tódos os sectores chamados a constituir o citado órgano participativo.

2-COMPOSICIÓN E ÓRGANOS

2.1.- Dos membros.

O Consello Municipal da Saúde de Pontedeume estará constituído polos seguintes membros:

Presidente/a:

* O/a alcalde/sa, que será quen o presida.

Vicepresidente/a:

* O/a Concelleiro /a Delegado /a de Sanidade.

Vocais:

* Un representante da Administración sanitaria.

* O/a Coordinador /a Médico/a do Centro de Saúde de Pontedeume.

* O/a Coordinador /a de Enfermería do Centro de Saúde de Pontedeume.

* O/a técnico de Prevención e promoción da Saúde.

* Unha /un Asistente Social.

* Dous representantes polas Asociacións de Veciños e Centros de Promoción Social inscritas no rexistro de Asociacións do Concello, elixidos entre as mesmas

* Dous representante polas Asociacións ou Organizacións, Culturais ,Deportivas , Xuvenís, Consumidores, Amas de Casa e Asociacións de Pais de Alumnos, inscritas no rexistro de Asociacións do Concello, elixidos entre as mesmas.

* Un representante polas Asociacións Sociosanitarias, inscritas no rexistro de Asociacións do concello elegidos entre as mesmas.

* Un representante das Asociacións de Comerciantes e Industrias, que teñan os seus establecementos ou realicen o seu exercicio profesional en Pontedeume

* Un representante por cada unha das centrais sindicais maioritarias no Sergas, existentes no Centro de Saúde de Pontedeume.

Secretario/a:

* O/A Secretario/a do Concello ou persoa designada polo organismo.

A representación dos diferentes colectivos será nominal.

O Consello Municipal da Saúde estrutúrase nos seguintes órganos: Consello Pleno e Comisións de Traballo.

No caso de que o Consello Pleno así o considerase, poderase proceder á constitución dunha Comisión de Goberno do CMSP coa composición e atribucións que estableza o Consello Pleno.

O CMPS poderá crear as Comisións de Traballo que estime oportunas para levar a cabo as funcións que ten encomendadas. A composición e competencias destas Comisións de Traballo serán as que estableza o Consello Pleno.

2.2.- Dos/as asesores/as.

Os/as asesores/as terán a condición de asesores/as do CMSP, participando con voz pero sen voto nas reunións dos diferentes órganos do CMSP cando este requira a súa colaboración.

O CMSP poderá solicitar a asistencia ás reunións dos diferentes órganos daquelas persoas que, polas súas opinións ou coñecementos, poidan contribuir á elaboración de propostas e alternativas. Esta participación terá carácter puntual e as persoas ás que se convida terán voz, pero non voto.

3.- FUNCIÓNS DO CONSELLO MUNICIPAL DA SAÚDE DE PONTEDEUME

3.1.- O carácter de organismo participativo da sociedade civil no seguemento e mellora da saúde no concello, mediante as funcións propias do CMSP: asesoramento, consulta, proposta e información nas cuestións seguintes:

- Promove-la participación comunitaria nos programas de saúde no Concello, colaborando en:
 - Diagnósticos da saúde no Concello.
 - Coordinación efectiva entre a Atención Primaria e a Atención Especializada.
 - Educación para a saúde.
 - Actividades concretas nos distintos programas.
- Estudos e propostas ás Institucións sanitarias daquelas accións específicas que pola súa peculiaridade socio-sanitarias do Concello precisan unha especial atención.
- O asesoramento no desenvolvemento de accións compensatorias para corrixir as desigualdades sociais derivadas do contexto económico, social e cultural dos usuarios.
- Facilitar a coordinación entre as diferentes Institucións e Administracións con competencias sobre a problemática da saúde.
- Promover o desenvolvemento dos dereitos e deberes dos usuarios dos servizos de atención primaria, coñecendo e informando das reclamacións que ponderan presentar os usuarios do mesmo.
- Informar as propostas de recursos municipais en materia sanitaria para cada exercicio orzamentario.

3.2.- O CMSP poderá demandar información á Administración Sanitaria e a Administración Municipal sobre calquera material que afecte ó seu campo de actuación.

3.3.- O CMSP avaliará e fará o seguemento daquelas cuestións sobre as que se emitise un pronunciamento e tamén sobre aqueles programas sanitarios establecidos mediante os oportunos acordos e convenios entre a Consellería de Sanidade e o Concello de Pontedeume.

3.4.- Nos momentos puntuais das campañas sanitarias específicas, o CMSP poderá recabar a información de todo o movemento asociativo do Concello mediante os estamentos representativos de cada un deles.

4.- FUNCIONAMENTO

4.1.- Polo que fai referencia a o seu funcionamento e consonte o establecido na legislación vixente, o Consello Pleno poderá elaborar un regulamento de réxime interno que rexerá o seu funcionamento. Mentres non se aproba este regulamento ou se decide non elaboralo, o CMSP rexerá pola aplicación analóxica da Lei de Administración Local de Galicia e do Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais.

4.2.- O Consello Pleno do CMSP reunirse como mínimo unha vez cada semestre.

4.3.- O Consello Pleno do CMSP reunirse en sesión extraordinaria se o considera oportuno o seu Presidente ou ben cando así o solicite por escrito un tercio dos seus membros.

4.4.- As Comisións de Traballo serán designadas polo Consello Pleno sen que exista ningunha normativa que limite a súa composición. Os responsables das Comisións de traballo poderán asistir con voz pero sen voto (a non ser que sexan membros) ás xustanzas do Consello Pleno do CMSP cando este organismo requira a súa comparecencia.

4.5.- O CMSP elaborará unha memoria da súa actuación ó remate de cada ano.

5.- SISTEMA ELECTORAL A SEGUIR PARA O NOMEAMENTO DOS MEMBROS DO CMSP

5.1.- A Comisión de Goberno aprobará, a proposta da Comisión Informativa de Sanidade e Servicios Sociais a convocatoria de eleccións para prove-los representantes dos diferentes colectivos no CMSP.

5.2.- Esta convocatoria extenderase ós sectores da sociedade civil representados no CMSP que se establecen no apartado 2.1. dos seus Estatutos.

5.3.- Os diferentes colectivos representados no CMSP arbitrarán as medidas que consideren convenientes para proceder á elección/designación dos seus representantes no CMSP, notificando a súa resolución no prazo establecido na convocatoria de eleccións para o CMSP.

5.4.- O mandato dos membros do CMSP será polo período de catro anos coincidentes con cada legislatura. Ós efectos de regularizar esta coincidencia, o mandato do primeiro CMSP que se constituía ó abeiro destes Estatutos durará ata a celebración das vindeiras eleccións municipais.

5.5.- O cesamento dos membros dos CMSP, poderá producirse por vontade propia ou pola censura do colectivo que o elixeu. En calquera destes dous casos e, ós efectos de proceder á súa substitución, será de aplicación o establecido no punto 3 desta normativa.

Disposición Adicional

O primeiro Consello que se constituía trala entrada en vigor deste regulamento será polo tempo que lle resta á Corporación municipal para cumprir o seu presente mandato corporativo.

Disposición final

Este regulamento entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra este regulamento poderá interponerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

